



BANDO INFORMATIVO

D. MANUEL LÓPEZ CASAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Os incendios forestais constitúen unha ameaza moi importante para o noso entorno, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia. A vaga de lumes que asolou Galicia a mediados de outubro de 2017 provocou a morte de catro persoas e lecouse por diante unas 50.000 hectáreas, o 53% delas masa arborada.

O obxecto prioritario e fundamental da Lei 372007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada a raíz dos tráxicos incendios acontecidos no mes de outubro de 2017, é o de incidir na protección das persoas e bens fronte aos incendios forestais.

A Lei establece unhas condicións de prevención específicas para as denominadas “redes secundarias de faixas de xestión de biomasa”, cuxa función prioritaria é a protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais. (Artigo 20.4).

Nas redes secundarias é obrigatorio para as persoas responsables xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei e na súa normativa de desenvolvemento. **Con carácter xeral, na franxa de 50 metros non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei (piñeiros, eucaliptos e acacias)**. As distancias mediranse, segundo os casos: a) Desde o límite de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable. b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas. c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais. d) Desde o peche perimetral no caso dos campamentos. (Artigo 21).



No solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23, salvo aprobación específica de ordenanza municipal ou en defecto da mesma, que poderá elaborarse de conformidade co artigo 16 da lei. (Artigo 21 ter 3.)

TRABALLOS A REALIZAR POLOS TITULARES/RESPONSABLES DOS TERREOS:

FRANXA	TRABALLOS DE XESTIÓN
De 0 a 15 m. (*)	Eliminación de todo tipo de vexetación herbácea, arbustiva e arbórea.
De 15 a 50 m. (*)	<u>Estrato arbustivo e herbáceo:</u> - Eliminación total da vexetación seca (vexetación arbustiva e herbácea seca) e eliminación total da vexetación arbustiva e herbácea existente na parcela (ata 20 cm.). <u>Estrato arbóreo:</u> - Corta das árbores de especies non permitidas na franxa dos 50 m. (piñeiros, eucaliptos e acacias). - En todo caso poderán conservarse outras especies arbóreas (carballos, castiñeiros, bidueiros, ameneiros, sobreiras...) nas condicións que sinala a normativa (masas mixtas e distanciadas 7 m. entre elas, árbores de 0-11,4 m. poda ata $\frac{1}{3}$ da altura, árbores >11,4 m. poda mínimo 4m.).

(*) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións..

As persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que finalice o mes de maio de cada ano.

TRABALLOS A REALIZAR POLAS ENTIDADES LOCAIS:

Na zona de dominio público das vías da súa titularidade deberán xestionar a biomasa vexetal de acordo coa lei de incendios na zona de dominio público das estradas convencionais da súa titularidade. Ademais, en ditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei. (artigo 20 bis).

Xinzo de Limia, a 9 de abril de 2018.